

I CERTAME DE RELATOS CURTOS "AMIGOS PARA SEMPRE"



Pelanas foi abandonado, acollido nun refuxio e adoptado.

**Tranquilo, viaxeiro,
nobre, confidente, cu-
rioso, protector, inte-
lixente e fiel... Así é o
meu amigo!
Xa é velliño e agora
cóidoo eu.**

Imaxina! e escribe un conto. Di por que non hai que abandonalos nin mal-tratalos.

Cóntanos a importancia de coidar e protexer aos nosos amigos e encantadores compañeiros, os outros animais.



Marni aínda agarda nun refuxio.

Anímate! Le as bases no reverso ou na páxina do Consello da Xuventude de Galicia www.cxg.org

Non hai solucións sen forzas!

Entidade organizadora:



Entidades colaboradoras:



I CERTAME DE RELATOS CURTOS "AMIGOS PARA SEMPRE"

He could not think of the animals without shuddering in anguish. He looked into the eyes of the beasts and saw there a soul like his own, a soul which could not speak: but the eyes cried for it: "What have I done to you? Why do you hurt me?"

(Palabras do heroe J. Christophe, novela de Romain Roland, (1866-1944) pola que obtivo o Premio Nobel en 1915. Foi un gran admirador de Tolstoi, defensor da non violencia).



Hansel e Grettel

OBXECTIVOS DO CONCURSO

A concienciación dunha cidadanía responsable para construír un mundo máis amable coas demais especies que habitan o planeta e o respecto aos outros animais como individuos que senten, son os nosos obxectivos. No ano 2007 aínda se abandonaron no estado español máis de 100.000 cans e 24.000 gatos, -8000 mil deles en Galicia- sinal de que seguimos ancorados na ignorancia en relación co trato aos animais. Noutros países da Unión Europea, con niveis máis elevados de cultura, non existe o abandono e o maltrato é inconcibible. Pensamos que o progreso tecnolóxico e científico ten que ir parello a un progreso moral, no que entendamos que os outros animais merecen o noso respecto e consideración. Por esta razón establecémonos como un obxectivo básico axudar á concienciación das novas xeracións neste eido. Así xorde o **I Certame de relatos curtos "Amigos para sempre"**. Nace coa idea de ser anual e que os títulos gañadores vaian configurando unha colección de relatos curtos sobre os nosos compañeiros de fatigas, que contribúan a difundir a idea do respecto ás outras especies como seres que senten, intelixentes e con intereses. Neste contexto preténdese difundir a idea entre a xuventude de que os animais non son obxectos de usar e tirar, senón compañeiros de viaxe en sentido estrito: senten, coma nós, e desexan desenvolver as súas pautas de conduta no seu ambiente natural. Gustaríanos que o profesorado –no momento de presentar este certame- transmitise estes valores. Por outra banda, o certame axuda a desenvolver a competencia artística na mocidade.

TEMA DOS RELATOS

Os autores e autoras presentarán un relato curto de tema relacionado co agrado de compartir a nosa amizade, tempo, xogos, aventuras e viaxes cun animal de compañía, os beneficios de adoptalo nun refuxio de animais, e de denuncia do abandono e do maltrato. En ningún caso se utilizará o termo "mascota", xa que nós consideramos que son amigos e compañeiros. O relato deberá ser orixinal e inédito e non poderá ter sido presentado noutro concurso, nin se poderá presentar noutro mentres este permanece aberto.

BASES DO CERTAME

PRIMEIRA. CONCURSANTES E IDIOMA



Erka

Poderá participar calquera persoa con idade comprendida entre 12 e 17 anos. As narracións deberán estar redactadas en lingua galega (de conformidade coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas pola RAG o 12 de xullo de 2003). Só se poderá enviar un orixinal por concursante. As obras deberán ser inéditas e non premiadas. Establécense dúas categorías:

Categoría A: concursantes con idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos, ambas as dúas inclusive.

Categoría B: concursantes con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos, ambas as dúas inclusive.

SEGUNDA. EXTENSIÓN DOS RELATOS

O relato presentarase en formato DIN-A4, mecanografado ou elaborado a ordenador (tipo de letra ARIAL 12), a dobre espazo e por unha soa cara. A extensión mínima será de 5 folios e a máxima de 12 folios.

Presentaranse cinco copias baixo plica. A plica debe conter nome e apelidos, enderezo, correo electrónico (se o ten), idade do/a autor/a, data de nacemento, categoría á que se presenta e teléfono de contacto.

TERCEIRA. PRAZOS DE ENTREGA

Os traballos deberán remitirse antes do 20 de decembro á Área de Medio Ambiente do CXG, indicando no sobre a referencia: Certame Relatos, ao seguinte enderezo:

Consello da Xuventude de Galicia
Praza de Santo Antonio, 25, 1º
15702 Santiago de Compostela

CUARTA. XURADO E RESOLUCIÓN DO CONCURSO

O Consello da Xuventude de Galicia designará o xurado. Este estará composto por membros do CXG, das entidades colaboradoras, escritores e escritoras. A composición do xurado darase a coñecer publicamente pouco antes da data de emisión da súa resolución. O seu ditame será inapelable.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

A resolución do xurado quedará resolta antes do 20 de xaneiro de 2009, a través da páxina do CXG. O certame poderá quedar deserto.

Os gañadores/as serán convidados aos actos que se organicen de entrega de premios. Este acto terá lugar nun refuxio de animais.

Os orixinais presentados non serán devoltos.

QUINTA. PREMIOS

Establécese un primeiro premio e tres premios máis por categoría, que serán libros e outros agasallos en todos os casos. Respecto dos libros os primeiros premios consisten nun bono de 100 euros. Os tres segundos premios para cada unha das categorías son bonos de 50 euros cada un deles. Os bonos poderán cambialos por libros nas Librerías Aula 25 e Abraxas de Santiago de Compostela.



Ceibe

SEXTA. EDICIÓN E PUBLICACIÓN

A Editorial Sálvora resérvase o dereito de publicación dos relatos premiados, así como de cantas narracións presentadas estime oportuno o xurado. A devandita publicación poderase realizar en forma de libro en calquera formato e calidade pola Editorial Sálvora, en exclusiva, en calquera das súas coleccións. A súa edición e presentación terá lugar o **día 2 de abril, Día do Libro Infantil e Xuvenil.**

Os autores/as das narracións garantirán o uso pacífico das obras cedidas. Aos autores/as das narracións publicadas enviaránselles tres exemplares da publicación resultante.

Enténdense cedidos cantos dereitos de propiedade intelectual e industrial son necesarios para o cumprimento e desenvolvemento destas bases.

Os beneficios resultantes da explotación da publicación serán da Editorial Sálvora, e unha porcentaxe do 10% doarase a unha asociación de protección de animais (cans, burros, etc.) que xestionen un refuxio en Galicia.



Emily

SÉTIMA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso leva implícita a aceptación expresa de todas as condicións destas bases, incluída a edición e publicación, así como as decisións e o ditame do xurado.

OITAVA. INFORMACIÓN

Para calquera información adicional, pódese contactar con info@cxg.org, coa referencia: Certame Relatos, Área Medio Ambiente, ou ben por teléfono: 981 569 560 ou consultar a páxina web: www.cxg.org na Área de Medio Ambiente.

NOVENA. OS PROTAGONISTAS

Os protagonistas son eles, os animais son os que merecen o noso respecto. Aquí soamente aparecen as fotos dalgúns personaxes, animais non humanos que teñen dereitos e unha historia que contar:

Emily foi abandonada porque necesitaba auga morna... é un animal exótico, cuxo medio natural son as latitudes máis cálidas. Agora comparte a súa vida cunha familia que respecta as súas pautas de conduta.

Ceibe, Marni e mais **Erka** teñen unha longa historia ás costas. Todas son encantadoras e nobres e agardan por unha familia responsable no Refuxio de Pontearreas. Eles nunca nos abandonarían...

A **Hansel** e **Grettel** deixáronos porque roían as cousas... Son roedores, non si?

Pero hai moitos máis que non están na foto, están en todos os refuxios de Galicia, e todos merecen unha oportunidade. Con responsabilidade, porque son **Amigos para Sempre.**



Hansel e Grettel

Entidade organizadora:



Entidades colaboradoras:

